



Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B SPR	Documento 10519I0PFS	
Código de verificación  003R 6Y37 2S4B 255I 0IYF	Expediente 105/2024/2238	
	Fecha 23-06-2025	

17_ ANUNCIO RELATIVO Á REVOGACIÓN DE AXUDAS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES 2024/2025 POR INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE ASISTENCIA AO COMEDOR ESCOLAR

A.- ANTECEDENTES

A concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, por delegación da Xunta de Goberno Local, ditou resolución de data 03/04/2024 na que resolveu aprobar a convocatoria para concesión de bolsas comedor para o curso escolar 2024/2025. O texto da convocatoria pode consultarse cos códigos seguros de verificación 4F1U 470S 3B17 4R56 OCCS na súa versión en castelán y 414D 0E35 6F5Z 463X 0ZRW na súa versión en galego.

O gasto total da convocatoria foi de 2.100.000,00 euros que se distribuiu nas seguintes anualidades: 630.000,00 € con cargo ao orzamento do 2024 e 1.470.000,00 € na anualidade 2025.

Como consecuencia do acordo anterior, publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un extracto da convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 16/04/2024 (BOP núm. 74) e na Base de Datos Nacional de Subvencións con número de identificación: 752512.

B.- DO ANUNCIO.

I.- Contido do anuncio.

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social resolveu o 19/06/2025 (RES/AYT/11261/2025) por delegación da Xunta de Goberno Local, entre outros:

PRIMEIRO.- Declarar a revogación definitiva das axudas para o pagamento do comedor escolar no curso 2024/2025 e declarar a perda do dereito á cobranza da axuda económica concedida o 24/10/2024 (RES/AYT/20152/2024) pola Concelleira delegada da Área de Benestar Social respecto das persoas incluídas nas seguintes listaxes, por incorrer nas causas de baixa contidas no apartado 14.2 d) da convocatoria aprobada pola Concelleira delegada da Area de Benestar Social o 03/04/2024:

- 17_BDNS revogación por inasistencia ao comedor DEFINITIVO.- CSV (...)

- 17_Listaxe de persoas afectadas pola revogación de bolsas comedor por inasistencia ao comedor DEFINITIVO.- CSV 092Y 2N6D 4B2Q 2L1M 0NWP.

(...)

SEGUNDO.- Publicar un anuncio do órgano instructor que lle dea publicidade ao acordo anterior e que servirá de notificación colectiva, que se acompañará da listaxe de uso público sinalada no apartado anterior no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, de conformidade co establecido no apartado 12.2 da convocatoria, e na páxina web dos servizos sociais municipais.



Concello da Coruña

TERCEIRO.- Darlle conta á Intervención municipal desta resolución para os efectos de comunicar as revogacións de axudas e as modificacións e axustes das concesións iniciais de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2024/2025 á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Advertirle as persoas interesadas que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, poderá interpoñer os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo de un mes, que se contará dende o día seguinte ao de recepción da notificación. A interposición do recurso non suspenderá, con carácter xeral, a execución do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 39/2015.
- Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados e tribunais da dita orde, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da recepción da notificación.

A listaxe que acompaña este anuncio (CSV 092Y 2N6D 4B2Q 2L1M 0NWP) recolle por filas, para cada persoa solicitante á que afecta a revogación, os seguintes campos:

DENOMINACIÓN DA COLUMNA	EXPLICACIÓN DO CONTIDO DA COLUMNA
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número de expediente asociado
CENTRO	Centro no que se desfruta da bolsa comedor
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	Total do importe sobre o que se produce a modificación
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO CORRENTE	Importe concedido 2024 atendendo á modificación da concesión
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO SEGUINTE	Importe concedido 2025 atendendo á modificación da concesión
MENSUALIDADE (SETEMBRO-XUÑO)	Importe final concedido atendendo á modificación da concesión
MOTIVO	Indícase a modalidade da revogación
EFFECTOS	Momento no que se producen os efectos da baixa

II.- Información adicional sobre o contido do Anuncio:

A información relativa á resolución de revogación da axuda concedida pode consultarse nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais: <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>
- Telefonicamente:
 - Teléfono de Atención Cidadá 010, no horario de 08.00 a 20.30 h, de luns a venres e de 09.00 a 14.00 h os sábados.

III.- Réxime de recursos fronte a resolución de revogación de axudas.

Consonte o establecido no apartado 13.5 da convocatoria reguladora das bolsas comedor para o curso escolar 2024/2025, contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer polos interesados:

- **Recurso potestativo de reposición** ante o mesmo órgano que adoptou a resolución no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ó da publicación do mesmo no taboleiro de anuncio e edictos municipal (arts. 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas). Este recurso poderá presentarse:
 - ✓ **De forma presencial:** Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa con cita previa.



Concello da Coruña

- ✓ *De forma telemática ou electrónica:* Na sede electrónica do Concello da Coruña:
<https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- ✓ Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- *Recurso Contencioso-Administrativo*, que se poderá interpoñer directamente ante o Xulgado Contencioso administrativo no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ó da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa). Presentado recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso xudicial ata que se resolverse expresamente este recurso ou ben cando se producise a desestimación presenta do recurso.

Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar recurso potestativo de reposición será do 25/06/2025 ao 24/07/2025, ambos incluídos.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,
A Xefa de Servizo de Acción Social